

## OS VALORES NA SEXUALIDADE

---

*Miguel Angel López Folgueira*

Centro de Orientación Familiar de  
Monforte de Lemos

### 1. INTRODUCCIÓN

---

Quizais esteamos afeitos a ve-la sexualidade como un engadido, como un apéndice do corpo mediante o cal clasificámo-loos individuos na categoría dos machos ou das femias, coma se a xenitalidade fose o seu único elemento constituínte, sen nos decatar de que a sexualidade non se ten, que o corpo non se ten. Cada individuo, cada home, cada muller, non teñen un corpo. É o seu corpo e é o seu corpo sexuado. Todas e cada unha das células do individuo son células sexuadas e, polo tanto, as diferencias entre home e muller están arraigadas en todo o corpo e non só nos xenitais, como superficialmente se poida pensar en moitas ocasións. Pero se o corpo é sexuado tamén a mente é sexuada. Tamén as formas de sentir, de pensar..., a psique (ou a alma, se alguén prefire este termo), en definitiva, é sexuada. E como non podía ser doutro xeito, tamén as conductas (pensamentos, afectos, lingüaxe,... ou actos materiais) desa per-

soa sexuada son sexuadas. Todo o que un home ou unha muller faga, pense ou deixe de facer ou pensar, vai estar impregnado polo seu ser sexuado masculino ou feminino. Por iso, a forma de conducirse de cadaquén naquelhas conductas que máis especificamente catalogamos como conductas sexuais, non vai diferir moito daqueloutra forma de conducirse noutras áreas de comportamento. Un home ou unha muller que, por exemplo, sexa infiel no terreo da amizade, ten moitas posibilidades de selo tamén no terreo sexual. Porque os valores, ou a falta de valores, que cada individuo teña, van exerce-lo seu influxo de forma semellante en tódalas áreas do comportamento. Do sistema de valores xeral de cada cal vai derivallo seu sistema de valores particular, no traballo, nas relacións sociais, na familia,... e tamén na sexualidade, porque

nuestra manera de expresarnos sexualmente -nuestra forma más íntima de relacionarnos con otra persona- es un reflejo de cómo nos valoramos, de cómo valoramos a la otra persona y de cómo esa otra persona nos valora<sup>1</sup>

<sup>1</sup> W H , Masters, e V E Johnson, *El vínculo del placer*, Barcelona, Ediciones Grijalbo, 1988, p 50

Unha persoa que se valora e se ama a si mesma saberá tamén amar e valorar-los demais, e se non se ama a si mesma non saberá ama-los demais.

Pero amarse a si mesmo pode non resultar tan doado como a primeira vista podería suporxe. Amarse a si mesmo non supón, precisamente e en múltiples ocasións, encarreirarse pola senda máis curta e, momentaneamente polo menos, máis cómoda, concedéndose todo aquilo que se deseñe ou apeteza, moitas veces de modo bastante irracional, concedéndose "praceres" momentáneos que logo poidan mudar en dispraceres. Amarse a si mesmo supón saber elixir, de entre as alternativas posibles, aquela máis saudable e que proporcione maior benestar psico-físico a medio e longo prazo, e non só momentáneo, aínda que a curto prazo poida supor certos custos ou esforzos. Isto supón ter un "norte", ter un compás que vaia indicando a dirección do porto ó que queremos arribar. O mesmo có navegante no mar aberto, para chegarmos ó porto desexado teremos que nos confrontar coa tempestade, teremos que facer arrodeos para evitármolo naufraxio e, se cadra, que cheguemos a porto algo máis tarde do previsto. Pero se conservámolo compás non perderémo-lo rumbo. E ese norte, ese compás é, precisamente, o sistema dos valores máis sólidos sobre os que asenta a nosa personalidade e a nosa vida. ¿Sabemos realmente cales son os portos máis seguros e máis saudables

para gozar da paz e da tranquilidade tan cobizadas? ¿Non ocorre a miúdo que, quizais pola ausencia dun mapa con información clara e veraz nos diriximos, sen o saber, a portos onde en vez da calma reina a tempestade?

## 2. O PRACER SEXUAL COMO UN VALOR

As conductas sexuais son, de seu, ou polo menos deben ser, pracenteiras e gozosas. É por isto que xa en primeiro termo considero oportunas algunas consideracións acerca do pracer sexual, outrora tan deostado e actualmente tan valorado.

Certamente, o significado que o pracer poida ter vai estar en función do concepto de home e dos valores éticos ou relixiosos que cada individuo ou sociedade posúa. ¿É o pracer positivo e dignificador para a persoa ou, pola contra, é negativo e degradante? A resposta quizais difira segundo a escala de valores e crenzas dos individuos ou dos grupos e tamén segundo os termos en que conceptualicémo-lo pracer. O pracer debe estar ó servicio do home e do seu crecemento, madureza e benestar, e non ó revés, pois neste caso tornaría-se, como pouco a medio e longo prazo, en dispracer e, polo tanto, disfuncional. Pois o pracer como servidume non proporciona a gratificación deseñada.

Desde unha perspectiva humánistica,



Alberto Durero  
*Adán*, 1507

O ser humano é um ser sexuado corporal e psiquicamente



Alberto Durero  
*Eva*, 1507

la satisfacción sexual [y, por tanto el placer sexual] según las necesidades peculiares de cada individuo se concibe como un aspecto de la autorrealización, de ésta depende la éticidad de la conducta<sup>2</sup>

En épocas anteriores o pracer sexual era visto non como un valor, senón, todo o contrario, como algo que degradaba os individuos e os afastaba do bo porto. Valores eran, por exemplo, a resignación, o sacrificio, ou mesmo a mortificación. Actualmente sucede todo o contrario. Nunha sociedade altamente hedonista como a que nos tocou vivir, todo aquilo que supoña un esforzo, renuncia, sacrificio, ten mala prensa, coma se o benestar consistira en face-lo que queira, cando queira, como queira e onde queira, ocupando así o pracer un grao moi alto na escala de valores dos individuos e da sociedade. No terreo da sexualidade pasouse do “todo pracer está prohibido” ó “todo pracer é lícito e está permitido”.

Nin tanto nin tan pouco. Penso que, tanto en épocas pasadas coma na actualidade, do que se falaba e se fala non é, precisamente, do auténtico e saudable PRACER capaz de proporcionar altas cotas de benestar. Quizais antano o pracer, sobre todo o sexual, provocaba culpabilidad e na actualidade produza fastío e sensación de baleiro. Se isto sucede, penso eu, será porque o que se buscaba e se busca non

é auténtico pracer, senón simplemente altos niveis de excitación e/ou de sensacions novas e diferentes cada vez, orgasmos cada vez más intensos que, concluída a súa fugaz duración deixan o individuo cunha carga importante de frustración e ansiedade, porque ela (a excitación) se converterá en meta en si mesma. “Ben -dirá o individuo-, paseino moi ben e agora ¿que?”. Para se resarcir da frustración provocada pola fugacidade das sensacions, buscará novas excitacións e novos orgasmos. Pero a ansiedade pola súa consecución vai tornalo disfuncional e, xa que logo, dispracer. Será un pracer sen outro sentido ou finalidade có puramente hedonista, o que adoito nos pode levar a perde-lo interese polo sexo, ou unha incapacidade funcional. “Después de todo, cualquier acto sin sentido nos roba parte del sentido de la vida como tal, y una sexualidad sin sentido no es la excepción de la regla”<sup>3</sup>.

O pracer sexual non xorde das ganas ou da oportunidade que non se pode desperdiciar, coma cazador ó asexu da súa presa.

El placer sexual no existe en el vacío Fluye de la recíproca satisfacción de necesidades y deseos entre un hombre y una mujer comprometidos, física y emocionalmente uno con el otro. *Para ellos la relación sexual es la confirmación de sus valores más profundos* La existencia del placer da testimonio de la cualidad de su relación<sup>4</sup> (o subliniado é meu)

2 O Giraldo Neira, *Explorando las sexualidades humanas*, México, Editorial Trillas S A , 1981, p 269

3 W H Masters e V E Johnson, *op cit*, pp 50-51

4 *Ib* , p 51

Neste sentido, o coñecemento e posta en práctica de sofisticadas técnicas que provoquen altos niveis de excitación pode non ser máis ca unha pura anécdota, porque

el contacto sexual no es solamente una habilidad que hay que dominar, una actividad para ejercitar el cuerpo o un juego que se puede jugar. En ciertos momentos y en determinadas circunstancias, cualquiera de estos elementos pueden dominar la totalidad de la experiencia. Pero reducir el sexo a un intercambio físico es despojarlo de su riqueza y sutileza y, lo que es más importante, significa en última instancia despojarlo de todo su valor emocional.

Cuando un hombre y una mujer cometen el error de reducir el sexo a un acto físico, el resultado casi seguro es que obtengan menos placer, no más<sup>5</sup>

Pois que o pracer non é só pasalo ben, senón que é

una satisfacción auténtica y perdurable que nos hacer sentir seres humanos completos. No experimentamos placer en nada de lo que hacemos, si eso que hacemos no llega a colmarnos en algún sentido fundamental<sup>6</sup>

O pracer sexual, daquela, non o podemos limitar ó pracer orgásмico da relación coital ou da masturbación. Outros praceres, quizais menos excitantes pero más duradeiros, son tan importantes ou más ca aqueles.

O pracer san e maduro esixe respecto a un mesmo, ó outro ou ó grupo,

e non xorde do morbo ou da malicia que pode proporcionar o feito de facer algo prohibido ou o abuso ou posesión irresponsable doutra persoa. Cando o morbo ou a malicia están presentes, pódense obter altos niveis de excitación momentánea, pero escasa gratificación e felicidade.

O pracer sexual auténtico, o mesmo ca calquera pracer, non é o que só mira para a satisfacción presente e non pensa nas posibles consecuencias, tanto para si coma para a parella. Pola contra, é aquel que tenta, dentro dos límites razoables, previ-las consecuencias e está disposto, no caso de seren estas negativas, a se posponer para mellor momento, ou a asumilas sen menoscabo para ningún dos implicados, no caso de que as ditas consecuencias xa se materializaran. O auténtico pracer xamais se arrepinte de ter sido gozado e, de non ser así, será pseudopracer ou gozo efémero que á volta da esquina pode tornarse en amarga frustración. Tampouco produce esgotamento, cansazo ou inquietude. Consecuencia del será a relaxación, a paz, a serenidade e o sosego.

O pracer e o gozo sexual máis profundo é o que proporciona o contacto psicofísico cotián coa persoa amada (palabras amables e cálidas, comprensión, desculpa, xestos de acollida, caricias...). Por iso, o amor non se

5 Ib., p. 72

6 Ib., p. 48



Pierre-Paul Prud'hon (1758-1823) *Cupido seduciendo a la inocencia* A seducción non é simplemente un xogo de dominio sexual Ed Abbeville - Catedra, 1994

fai nun momento nin nunha noite, nin facelo é o segredo malicioso da cama. O amor faise minuto a minuto, hora a hora, día a día..., cando a parella vive en intimidade compartida. Face-lo amor, máis ca un acto concreto, supón unha actitude positiva na vida, con un mesmo e coa outra persoa. Unha vocación de vivir a dúo, en intimidade e sen fronteiras, as mágoas e as delicias que o decorrer vital vaia proporcionando. Pois o pracer físico na relación sexual non é o primordial.

Por importante que sea, no se trata simplemente del placer físico que experimen-

7 lb , p 84  
8 lb , p 40

ten marido y mujer Se trata de la poderosa sensación de bienestar emocional que se genera cuando cada uno de los dos sabe que, en los momentos en que se siente más vulnerable, puede confiar en que el otro le ofrezca ternura, consuelo y protección<sup>7</sup>

O pracer sexual pode e debe ser considerado como un valor cultivable. Ten a potencialidade de unir intensamente as persoas que xuntas o cultivan e experimentan sen morbo ou malicia, senón entregándose desinteresadamente un ó outro, sen que haxa explotador nin explotado, vencedor nin perdedor, senón persoas que se comunican intimamente e non só procuran o pracer polo pracer -mesmo que isto suceda de cando en vez-, senón que buscan ir máis aló e lograr, a través da unión física, transcende-las fronteiras individuais de cadaquén. Nese caso o pracer estaría, non só ó servicio do gozo persoal, que tamén, senón ó servicio da comunicación e da convivencia das persoas que o experimentan, e ó non ser unha meta en si mesmo, non xurdirían enfados nin rancores cando un deles non estivese en condicións de buscralo ou non lle apetecese.

Sea quién fuere el que inicia una aproximación sexual, el otro le responderá con amor -escuchándolo, tocándolo, abrazándolo- aún en el caso en que la invitación al contacto sexual haya de ser declinada por importantes razones personales Y declinada no con fastidio ni con enojo, sino con tierna consideración por lo que pueda resultar de ese momento para la relación común<sup>8</sup>

Desde esta perspectiva, incluso a renuncia momentánea ó pracer vaise tornar pracenteira e será unitiva e non distanciadora, porque o sexo non se terá convertido nunha cousa que se fai en ocasións específicas e para usos concretos. "El sexo no hay que categorizarlo, no hay que convertirlo en una 'cosa' que se reserva para una ocasión específica y para usos específicos"<sup>9</sup>. O sexo non ten un tempo, un espacio ou unhas metas predeterminadas. Non é un recreo do que se goza nuns momentos determinados. Do pracer de estar coa persoa amada gózase en todos e cada un dos momentos que se está con ela, ou mesmo cando non se está con ella. O cal non se contradí co feito de que a parella necesita

un tiempo protegido que les permita estar juntos y solos, no necesariamente para entregarse al coito, sino simplemente para tener la libertad que necesitan un hombre y una mujer para reaccionar con naturalidad, sin tener en cuenta presiones ni horarios<sup>10</sup>.

O pracer sexual ó servicio do individuo e da súa relación coa persoa a quen ama é moi saudable e proporciona altas cotas de gratificación e satisfacción. Pero sería bo estar en garda ante unha nova forma de explotación enmascarada que trata de inducir á busca e consecución do pracer como forma case que exclusiva de liberación. "Canto menos renuncies ós teus desexos e máis praceres consumas,

maior liberación e benestar alcanzas", vén se-lo lema implícito de múltiples mensaxes teimadamente presentes na nosa sociedade. Pero, se o pracer se converte en meta obsesiva e con fin en si mesmo, a súa potencialidade gratificadora e comunicativa pode quedar anulada ou, como pouco, deteriorada. O pracer como meta en si mesmo, lonxe de face-lo individuo máis solidario e comprometido, farao máis individualista e egocéntrico, poñendo a satisfacción dos seus desexos no cumio das súas aspiracións. Renunciar á satisfacción de desexos sexuais pracenteiros non equivale á represión deses deseños. Renunciar a algo supón telo asumido, analizado, non negado e, voluntariamente, ou quizais ás veces por factores de imposición externa ou de imposibilidade, desistir da súa consecución ou pospoñela. ¿Por que na actualidade a renuncia ten tan mala prensa? ¿É sempre saudable facer algo polo simple feito de querer e poder facelo? ¿O querer e o poder han levar, necesariamente, ó facer? Se for así, creo, a convivencia sería un caos ou, se cadra, nin sequera sería posible.

### 3. O PRACER NON É O ÚNICO VALOR SEXUAL

O ser humano non está dividido en compartimentos separados uns dos outros, senón que forma unha unidade indivisible e inseparable. O que sexa

9 Ib., p. 107

10 Ib., p. 130

saudable e positivo, ou nocivo e negativo, serao para a persoa na súa globalidade, e non só para unha parte ou faceta dela. Por iso, calquera actitude, disposición, crenza, que poida ser considerada como un valor por ser positiva para a medra e madurez do individuo e, polo tanto, para a optimización das súas relacións interpersoais e sociais, vai contribuír tamén ó desenvolvemento dunha sexualidade positiva e madura.

Pero a sexualidade pode adoptar formas de expresión ben diferentes segundo o sistema de valores e as circunstancias socioculturais dos individuos ou dos grupos. E dentro desta diversidade, non cabe dúbida de que unhas formas serán positivas e saudables tanto para o individuo coma para o grupo, mentres que outras serán más nocivas e indesexables. Non obstante, mesmo as formas saudables poden adoptar modos e/ou matices ben diferentes que levan á manifestación do ser sexuado por derroteiros distintos.

Por importante que sexa, o pracer no sexo non o é todo. A actitude positiva cara ó pracer ten que ir acompañada doutras actitudes e valores tamén de importancia capital para o desenvolvemento, vivencia e expresión dunha sexualidade madura. E non ten por qué supor que un mesmo estea obrigado a experimentar ese pracer.

Pode renunciar persoalmente a el e seguir vivindo unha sexualidade integradora e satisfactoria, sempre e cando esa renuncia sexa libre e voluntaria, e non froito da represión. Tan satisfactoria pode se-la sexualidade de alguéén que opta pola castidade coma a doutro que a vive de forma máis activa.

Realmente no es la abstinencia sexual *per se*, sino más bien la actitud psicológicamente negativa hacia la privación sexual lo que produce problemas emocionales. Parece, pues, que un individuo que renuncia conscientemente a la gratificación erótica y se siente intensamente motivado a aceptar una vida no sexual, no tiene por que sentirse encollerizado y frustrado por esa privación, sino que es posible que sublime y suprima las ansias sexuales sin ningún trauma psicológico visible<sup>11</sup>.

Non obstante, tanto nun caso coma noutro, resulta de crucial importancia unha actitude positiva cara ó propio corpo e o do outro sexo, como corpo sexuado.

Cómpre ter unha actitude positiva cara ó corpo sexuado. Sentirse a gusto en e co propio corpo, asumindo como propios e dignos tódolos trazos, calidades e funcións, pois só así se podrá vivir en harmonía consigo mesmo e cos demás. O corpo está na base da existencia humana e se un vive en conflicto con el, non o ama, vivirá unha existencia conflictiva. Sen se amar a si mesmo non é posible ama-

11 H S Kaplan, *La nueva terapia sexual*, 2, Madrid, Alianza Editorial, 1984, p 499

-los demás, e sen acepta-lo corpo sexuado como valor positivo que hai que coñadar e respectar, o amor a si mesmo non será posible<sup>12</sup>. Coidalos, respectalo e velar pola súa saúde, non o utilizan-do como instrumento de posesión coma se se tratara dun obxecto co que podemos xogar e modificar a vontade, segundo caprichos, desexos ou modas imperantes en cada momento. Non hai funcións e partes do corpo nobres e non nobres. Non hai nada vergoñento no corpo, e se isto ocorrese non sería porque xenuinamente fose así, senón pola conceptualización negativa que de certas partes ou funcións do corpo se transmite de xeración en xeración. E mesmo na actualidade se segue a falar e mirar con malicia, morbo e pi-cardía moitas partes do propio corpo e, sobre todo, do do sexo oposto. Aínda hoxe en día (e non aínda, senón máis ca antano) utilizase o corpo sexuado como resorte e estratexia ó servizio de certos fins, por exemplo comerciais, que en nada contribúen a ennobrecer e dignifica-la sexualidade.

Asistimos a una descarada *instrumentalización de la sexualidad con fines comerciales*. La información sexual y los productos relacionados con la sexualidad se ofrecen como una forma más de consumo, y la publicidad manipula la miseria sexual heredada recurriendo a ella como uno de los medios más eficaces de hacer atractivos los productos más diversos<sup>13</sup>

12 Non confundir "amor a si mesmo" con egoísmo ou narcisismo. Nin o egoísta nin o narcisista se aman a si mesmos. O lector interesado nestas cuestións pode ver, por exemplo E. Fromm, *El arte de amar*, Buenos Aires, Editorial Paidós

13 F. López e A. Fuertes, *Para comprender la sexualidad*, Estella (Navarra), Editorial Verbo Divino, 1993, p 23

14 V. H. Masters e V. E. Johnson, *op. cit.*, p. 51

15 *Ib.*, p. 279

Pero a sexualidade non só fai referencia ó propio corpo. A característica sexuada do individuo humano afecta a todo o seu ser e, á parte de pracenteira, a sexualidade ten outras funcións de transcendental importancia: a procreativa e a relacional, unitiva ou comunicativa. Esta última fai que o individuo se poida comunicar de forma total, emocional e fisicamente e desde todos e cada un dos órganos dos sentidos, coa persoa obxecto do seu amor e non só dando senón dándose a si mesmo plenamente, vibrando e sentindo ó unísono coa outra persoa. Neste proceso comunicativo, se ben o sexo non é a panacea que solucione tódolos problemas da parella, si desempeña un papel moi relevante. Como di Bill Masters, "el coito puede ser la forma de comunicación definitiva entre un hombre y una mujer"<sup>14</sup>. "El coito como tal es un acto de comunicación, un íntimo intercambio de *sentimientos* entre un hombre y una mujer"<sup>15</sup> (o sublinhado é meu; nótense que os autores citados falan de "sentimientos" e non de "experiencias", "sensaciones", etc.).

Segundo as circunstancias peculiares de cada momento, unhas veces estarán más en xogo unhas funcións ca outras. Pero aínda naqueles casos en que a procreación ocupe o grao máis alto na escala dos valores sexuais, de

certo que en múltiples ocasións estes individuos levan a cabo coitos sen desexar que se produza a consequente fecundación. Nestes casos, e sempre que evitémo-la procreación, a relación sexual está ó servicio do pracer, da comunicación, de ámbalas cousas á vez, ou de certas motivacións, xeralmente más ocultas como, por exemplo, narcisistas ou de explotación do outro, pero que tamén serían excitantes (neste caso non se podería falar de pracer, polo menos no sentido en que o describín no apartado anterior).

A forma en que cada cal se relaciona sexualmente con outra persoa estará en función, entre outros factores, das pretensións ou expectativas que teña acerca da relación, o que, pola súa vez, dependerá do seu peculiar sistema de valores sexuais e da importancia que lle conceda á outra persoa e á relación con ela (por suposto, hai outros factores moi importantes que interveñen na forma de expresa-la sexualidade, pero falar deles excede os obxectivos deste traballo). Daquela, segundo o significado que se lle dea á sexualidade e ós obxectivos que se persegueon coa relación sexual, diferencia Giraldo Neira<sup>16</sup> catro tipos principais de relacións:

1 La relación sexual que busca una descarga fisiológica y principalmente un placer físico

2 La relación sexual que no se hace por motivos sexuales principalmente, sino para

satisfacer vanidades del ego, recibir afirmaciones sobre la masculinidad o feminidad de uno, ofender, agredeir, etc

3 La relación sexual recreativa que se hace entre dos personas que se atraen mutuamente, que gustan de divertirse sexualmente sin ningún compromiso afectivo y sin elementos extraños de explotación o agendas ocultas

4 La relación sexual afectiva, o sea, aquella que se hace por una atracción sexoafectiva entre dos personas que buscan o mantienen un compromiso amoroso mutuo

Cada unha destas formas de expresión sexual vai supor formas diferentes de relación, tanto consigo mesmo coma coa outra persoa, e a asunción de valores tamén diferentes. Nos dous primeiros casos, se cadra o valor predominante (máis ben contravalor) sexa o da explotación. Explótase e utilizase un mesmo e a outra persoa en función da obtención duns beneficios propios. Estarán ausentes valores dignificadores da relación (de toda relación) como compromiso, fidelidade, responsabilidade, liberdade, sinceridade, gratitud, confianza... Poderá ser unha relación altamente excitante pero nada pracenteira e gratificante. Terá moito de morbo e de malicia, e distanciará as persoas implicadas. O corpo propio e alleo non se verá como un valor, e utilizarase como instrumento para a consecución duns fins. No primeiro caso a relación será mera cuestión de oportunidade, e no segun-

16 O Giraldo Neira, *op cit*, p 169

do a utilización e manipulación da outra persoa será áinda máis evidente e clara. E en ámbolos casos o sexo será considerado como un acto, sen chegar a entender que "el sexo no es un 'acto'. No se 'comete', se experimenta con otra persona, no se da ni se recibe, se comparte"<sup>17</sup>.

No terceiro caso, e coa condición de que ambos coincidan nas formulacións, a relación xa non é unicamente cuestión de oportunidade e tampouco se dará a explotación ou manipulación, polo menos de forma explícita. A relación será algo así como unha excursión a un lugar que a ámbolos dous lles gusta, pero no que deixarán de estar en canto o aburrimiento ou o desencanto xurdan. Ó non se dar nun clima de comunicación profunda, quizais moitos sentimientos teñan que ficar na marxe da relación e non poderán ser expresados, o cal leva en si mesmo o xermolo da frustración e o desencanto. Ó ser unha comunicación *a medias*, ningún deles terá liberdade abonda para poder manifestarse vulnerable perante o outro, o que lles fará estar en garda para non se exceder nin tampouco quedarse curtos. A relación quizais estea orientada cara a obxectivos concretos tales como a consecución de determinados niveis de excitación, e ó non existir vínculos afectivos importantes, o pracei físico será meta

en por si. Pero o sexo orientado cara a estas metas autoanúllase ou, como pouco, perde moitas das súas potencialidades. E, por outro lado, "el sexo como actividad orientada a metas es el sustituto habitual cuando no se llega a alcanzar, o se evita deliberadamente, el contacto sexual dentro de un compromiso afectivo"<sup>18</sup>.

Polo demais, nunha relación que se dea neste nivel de "relación sexual recreativa", valores como o compromiso, a sinceridade, a confianza, a responsabilidade, a fidelidade..., serán meramente temporais, ou nin sequera iso, e sen vontade de duración. Ó non existir como obxectivos a longo prazo, ningún deles se vai esforzar en poñé-los medios necesarios para que duren, e o mínimo "temporal" deteriorará a relación. Para que unha relación, do tipo que sexa (matrimonial, de negocios...) dure, é condición indispensable que por parte dos asociados haxa vontade de duración e esforzo, e compromiso coa relación. Pero ¿que sucede actualmente con estes valores sen os cales non será posible cimentar relación duradeira ningunha? Non é momento de entrar na análise dun problema tan relevante coma este, e confór-mome con deixar constancia de que,

entre la gente educada y que se precia de estar al día, hay palabras como lealtad y fidelidad, honradez y confianza, que son

17 C Cassell, *Con toda sinceridad. Cómo hablar con los adolescentes de amor y sexualidad*, Barcelona, Ediciones Grijalbo S A., 1988, p 98.

18 W H Masters e V E Johnson *op cit*, p 133.

esquivadas porque, de alguna manera, parece que sólo fueran adecuadas para sermones. Sin embargo, cualquier asociación humana depende de esos valores y de otros semejantes, y es imposible ignorarlos en relación con el matrimonio. Es indudable que no pueden ignorarlos los hombres y las mujeres que al mismo tiempo que acogen con alegría la nueva libertad de disfrutar abiertamente del sexo, abrigan la esperanza de usar de tal libertad no sólo para hallar novedad en las relaciones sexuales, sino también para intensificar una relación sexual<sup>19</sup>.

Na "relación sexual afectiva", habrá xa un compromiso de duración a longo prazo e ambos poñerán vontade e esforzo para lograla. A parella non só parte da realidade de que se quere, senón que ademais queren seguir queréndose, de xeito que nesa empresa común os dous van compartir acertos e erros, ditas e desgracias, pracer e frustración. A sexualidade acadará o seu pleno sentido, e o pracer non será só físico, senón algo difuso e profundo que se estende a todo o ser de ámbolos membros da parella que se ama, e que se tornará altamente gratificante. O pracer non xurdirá só da excitación e/ou o orgasmo, senón que, sobre todo, xurdirá como consecuencia da tenrura e a calidez da relación. E se en circunstancias determinadas a relación non chega a ser excitante sexualmente, si seguirá sendo pracenteira e gratificante, porque a lealdade, a fidelidade, a honradez e a confianza terán cimentado de tal forma a relación que será capaz de soportar mesmo tormentas intensas.

#### 4. INTERIORIZACIÓN DOS VALORES SEXUAIS

As conductas relacionadas coa sexualidade son en alto grao aprendidas, o que posibilita a diversidade de formas que poden adoptar. Pero ben é certo que tradicionalmente a sexualidade era un tema do que non se falaba (actualmente e desde hai uns anos sí se fai, pero non sempre sen morbo, e moitas veces sen a naturalidade e responsabilidade que o tema requiriría), e sen embargo non por iso deixaba de aprenderse. O que é tanto como dicir que as mensaxes verbais nesta cuestión (e mais noutras moitas), non son, precisamente, as más relevantes. Apréndese, claro que sí, mediante a comunicación verbal, pero tamén a través dos silencios, do que se cala. ¿Por que algúns temas nin se mencionan? Se sucede isto, será sospeitoso de algo. E apréndese a través das conductas que vemos practicar. Ningunha ensinanza é tan eficaz coma a practicada como exemplo. "Los adultos transmiten su moral sexual a los niños a través de premios y castigos, los comentarios y gestos que acompañan a su conducta, y los modelos o ejemplos que les ofrecen"<sup>20</sup>.

Pero, como dicía, de sexualidade adoitase falar realmente pouco. E se se fala algo, acostuma ser de temas relacionados co embarazo ou a anticoncepción, co cal se está reforzando áinda

19 Ib p. 251

20 F López e A Fuertes, *op cit*, p. 60

máis o concepto dunha sexualidade xenital ou coital. Doutra banda, se no ámbito escolar se dan algúns orixenadores acerca deste tema, estas case sempre están a cargo de alguén que non é o profesor habitual, quedando así ben patente a excepcionalidade do tema.

No caso de calquera tema, e o que nos ocupa é un deles, que sexa evitado ou ocultado é de importancia capital a aprendizaxe por observación dos demás. O que observamos, e sobre todo se vemos que satisface ó observalo, tendemos a imitalo e de forma extraordinariamente acusada na infancia e na adolescencia, cando os valores están en fase de formación.

Son dúas as fontes de aprendizaxe que considero de importancia máis relevante no tema da sexualidade: a familia, e dentro dela a parella paterna, e a televisión.

A televisión preséntanos decote como modelo todo aquilo que dalgún modo reflicte os valores dominantes da sociedade. E ¿en quen están encarnados eses valores? Xeralmente en famosos artistas, cantantes, xente de negocios, políticos..., que o gran mérito que alcanzaron foi o de enriquecerense ou teren gran prestíxio ou poder social, pero que, polo demais, non acostuman ser, precisamente, modelos de virtude (excepcións, que as hai, non farían máis que confirma-la regra). E no referente á sexualidade en concreto, as



Cortejantes Manual del Cortejo 1983 Facsímile llibrerías París-Valencia, 1993

súas vidas son moitas veces bastante axitadas. "Se o Sr. ou a Sra. X, con todo o seu pretixio, ten dous, catro ou máis amantes, ou cambia de parella a cada pouco, será porque esa forma de conducirse está de moda e non é obxectable. ¿Que hai de malo en que eu faga o mesmo?", pode se-lo razoamento en moitos individuos.

Á parte dos modelos reais, están tamén os modelos simbólicos, visuais ou literarios, pero sobre todo os visuais

debido á súa accesibilidade máis cómoda e doada. ¿Que valores sexuais adoitan representalos protagonistas dos seriais televisivos de maior audiencia? En xeral non son valores de lealdade, fidelidade, honradez ou confianza mencionados anteriormente como de capital importancia para unha sexualidade positiva- os que presiden as súas conductas. Máis ben ó contrario, son representantes normalmente dos valores mercantilistas, de individualismo e hedonismo que interesan á sociedade do consumo, e dentro dos cales a sexualidade, ¡como non!, é un producto máis de compra e venda.

¿Que hai que dicir da familia como transmisora de valores sexuais? Abofó que a ninguén se lle escapa a súa transcendental importancia, pois é sabido que un modelo actúa con más força canto máis intensa é a vinculación afectiva entre modelo e observador.

A forma de relacionárense os pais entre si como parella vai se-lo espello nos que os fillos se miren día a día.

La relación entre el padre y la madre es una referencia concreta y cotidiana de la relación entre los sexos. En esta relación observada y vivida día a día se aprenden los elementos esenciales y más significativos de la conducta sexual<sup>21</sup>

Os pais, ¿relacionánse con respecto, tenrura, comprensión...?, ¿ocúltanse cousas?, ¿gozan de estar xuntos, ou

cada cal divírtense ó seu aire?, ¿límitan as manifestacións afectivas á alcoba (neste caso, nin na cama habería gran afecto) e polo día só rífan, pelean e manifestan desacordos?, ¿é para eles o sexo só un acto que, como comentaba más arriba, se “comete” na escuridade?, ¿como afrontan a regulación da fertilitade e a fecundidade?, ¿como afrontan un embarazo, se cadra non desexado?, ¿tal vez co aborto como última alternativa?... E pode pensar o lector que tales cuestións, polo menos as últimas formuladas, non afectarán para nada a seus fillos, dado que son temas que só a parella e ninguén máis da familia coñece. ¡Doce ilusión!, xa que na familia hai “segredos” que ninguén conta, dos que ninguén fala, pero que flúen no ambiente coma se de segredos a voces se tratase. ¡De cantas cousas, que nin sequera os pais sospeitan, os fillos son fieis coñecedores e fieis testemuñas! Ademais, ó ser algo do que na familia non se pode falar debido á súa tabuizacióñ, non poderán confrontar opinións, pros ou contras, e esos temas quedarán relegados ó escurantismo ou á mera confidencia con grupos de pares, que non lles poderán achegar ningunha luz, senón máis desasosego e confusión.

Non estou, nin moiito menos, en contra dos método anticonceptivos artificiais, pois en numerosísimos casos e circunstancias, quizais a súa utilización sexa a única forma viable de previr consecuencias más negativas das conductas sexuais. Pero cando para

a regulación da fertilidade e da fecundidade se pon o acento, case exclusivamente, nesta anticoncepción artificial, simplemente se está ensinando que non hai razóns para se preocupar de autorregula-las conductas sexuais de penetración (os métodos comportamentais esixirían moito maior control das conductas), posto que tomando ou usando certas cousas, as consecuencias case desaparecerían. Así, os anticonceptivos serían pólizas de seguro para que a apetencia e o desejo poidan campar ás súas anchas e non teñamos que privarnos de nada. Non renunciar a nada do que me apetece, coma se o desexo sexual fose puro instinto e irrefreable, o mesmo ca nas demais especies animais. Como non quero, ou non podo renunciar ós deseños, porque eles me dominan, o único que me queda é evita-las consecuencias. Sen embargo, entre o "non quero" e o "non podo", pode haber substanciais diferencias. O "non querer" suporía unha opción voluntaria: optar polo pracer más cómodo e menos custoso, aínda que quizais, tamén, menos personalizado por depender máis de medios alleos a mí, mentres que o "non poder" significaría algo así como unha incapacidade de autocontrol... Agora ben, e sexa o caso que sexa, non fagamos responsables da anticoncep-

ción só á muller, pois é unha responsabilidade que ambos deben compartir.

E coa permisividade e aceptación do aborto voluntario, ¿que mensaxe implícita se está dando? A parte da escasa ou nula consideración pola vida intrauterina, a mensaxe pode ser de maior despreocupación aínda acerca das consecuencias das conductas sexuais, pois se os métodos fallan, o "seguro" quedaría complementado cun "todo risco" que me eximiría das "malas xogadas da sorte". Nese caso, mesmo a prevención xa sería menos necesaria, pois sempre habería algúna outra "solución". En fin, unha sociedade hedonista que prima o pracer do aquí e o agora en todo tipo de conductas, ensina ós máis pequenos a valoralo pracer por riba de todo.

E para rematar, hai que apuntar que

todos estos tipos de modelos de observación (modelos parentales, de amigos o conocidos, de gentes relevantes o famosas, de personajes simbólicos, ) ejercen una gran influencia en la adquisición de la moral sexual y en la regulación de las conductas sexuales A través de ellos adquieren conductas nuevas, inhiben o desinhiben conductas que ya se daban en el observador, excitan o apaciguan el deseo sexual, adquieren determinados valores mientras rechazan otros . <sup>22</sup>

